

06 Profesorado

Na memoria deste ano, ademais dos datos habituais, inclúense tres novos cadros de evolución do profesorado ao longo dos seis últimos anos. Evolución do PDI de corpos docentes universitarios, evolución do PDI laboral permanente e con compromiso de estabilidade, e evolución do PDI permanente doutor. Despois da aprobación da modificación da LOU en 2007, este colectivo de PDI permanente doutor, pasa a constituír o núcleo de profesorado da universidade. Na gráfica pode observarse que o incremento do número de profesores permanentes doutores foi constante ao longo destes anos, pasando de 577 a 709, o que supón un 22,9% de incremento, con maior incidencia nos dous últimos anos.

Esta evolución permítenos observar que as decisións tomadas ao longo destes anos están na boa dirección, e que haberá que seguir insistindo para melloralas cuantitativamente, sobre todo na porcentaxe de profesores permanentes doutores.

A política de profesorado destes anos estivo baseada no principio de promoción mediante cualificación. Para desenvolver este principio puxéronse as ferramentas necesarias como aplicación flexible da transitoria 3.^a dos Estatutos, o compromiso de estabilidade para os axudantes, o programa de promoción dos titulares de EU e colaboradores, o programa de promoción do PDI

acreditado, o programa de promoción dos investigadores contratados Isidro Parga Pondal para as convocatorias anteriores ao 2008, e a aprobación en 2006 do primeiro convenio do PDI laboral do Sistema Universitario Galego.

Como aplicación práctica da promoción e estabilización do profesorado, durante o ano 2009 convocáronse 75 prazas de profesorado con compromiso de estabilidade: 23 prazas de contratado doutor, 15 prazas de titular de universidade, 12 prazas de catedrático de universidade, 14 de axudante doutor e 11 prazas de axudante.

No mes de outubro, o Consello de Goberno aprobou unha adaptación e flexibilización do Programa de promoción dos contratados Isidro Parga Pondal, para atallar a problemática motivada da concentración en moi poucas áreas de coñecemento, precisamente aquelas onde non só non é necesaria a contratación de profesorado, senón que hai mesmo un número superior de prazas ás precisas.

Despois de tratar o tema co Comité de Empresa, na mesa sindical e cos directores de departamento e centro afectados, chegouse a un acordo plurianual para desenvolver en tres anos mediante a convocatoria de prazas de profesorado, sempre que non supoña un

incremento superior ao 30% do profesorado da área en cuestión e que, de existir máis dun contratado por área, exista concorrencia competitiva en cada convocatoria, xuntando en Ciencias da Terra, as áreas de coñecemento deste ámbito.

A finais de 2009 chegouse a un acordo para asinar o II Convenio colectivo do PDI laboral do Sistema Universitario Galego, o que supón a revalidación do camiño iniciado no 2006 co primeiro e a consolidación do marco do Sistema Universitario Galego para tratar os temas laborais do PDI. O fortalecemento do SUG, no momento da adaptación ao sistema europeo de educación superior, debe ser prioritario para potenciar a colaboración, a cooperación e o aproveitamento das sinerxías das tres universidades.

O 27 de marzo do 2009 aprobouse a Organización docente dos títulos de grao, que foi modificada posteriormente por acordo do Consello de Goberno do 17 de decembro de 2009. Nesta normativa establécense tres tipos de actividade con grupos de estudantes de tamaño diferente: docencia expositiva en grupos de 60 a 80 estudantes; seminarios, debates e prácticas en grupos de 20 estudantes; e titorización en grupos reducidos de 10 estudantes. As actividades de titorización individuais pódense aproveitar para o seguimento do traballo personalizado do estudantado.

Para os centros que non dispoñan das instalacións nin dos recursos axeitados para implantar este modelo, propónse que a súa introdución se faga en dúas etapas. Na primeira delas limitaríanse as actividades presenciais á docencia expositiva en grupos de 60 a 80; seminarios, debates de prácticas en grupos de 20 estudantes, deixando as actividades tutoriais no formato actual e incluíndo a súa programación na guía docente da materia.

O número de horas presenciais por crédito ECTS será entre 7 e 10 horas, utilizando 10 horas para o tipo de actividades presenciais que implique menor traballo posterior por parte do estudantado, e sempre que o número medio de horas presenciais no grao non sexa superior a 8,5 horas. Neste último suposto a implantación terá que ser progresiva en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Esta normativa flexible permitirá pór en marcha durante o curso 2010-2011 a totalidade das titulacións da UDC adaptadas ao EEES.

A aposta decidida por unha ensinanza máis personalizada mediante a utilización de grupos reducidos de estudantes, debe permitir mellorar a aprendizaxe e conseguir os obxectivos que cada centro incluíu na súa memoria docente.


Logo de transformar todas as titulacións da UDC e comezar a impartir os correspondentes graos, deberemos estudar a organización docente dos mestrados, unha vez que a normativa estatal estea clarificada. De momento, incrementamos o 20% da docencia estrutural de cada área de coñecemento, sempre que estea xustificada por docencia de mestrados oficiais, e permítese, conxunturalmente a contratación de profesorado asociado por períodos inferiores a seis meses para atender a docencia específica destes. Para evitar a excesiva convocatoria de prazas deste tipo de profesorado, aprobouse unha normativa específica de constitución de listaxes de agarda para axilizar a súa contratación.

A inclusión no programa de xestión do POD da docencia de mestrado permitiu cuantificar o alcance da normativa e a súa idoneidade para esta etapa de transición ata a súa normalización.

O incremento do 20% que recolle a normativa de POD supuxo contabilizar o 100% da docencia dos mestrados para o 79% das áreas de coñecemento da UDC. Ademais, de acordo coa normativa, contratáronse 46 profesores a tempo parcial que, xunto cos 40 profesores do programa de mobilidade de profesores visitantes en mestrados oficiais, permitiron atender practicamente toda a docencia de especialización.

Categoría	Dedicación				TOTAL
	Completa		Parcial		
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	
Asociado/a			29	61	90
Asociado/a tipo 1			11	3	14
Asociado/a tipo 2		1		3	4
Asociado/a tipo 3	11	11	10	93	125
Asociado/tipo 3 de substitución			4	15	19
Axudante doutor/a	10	11			21
Axudante LOU	24	31			55
Catedrático/a de escola universitaria	17	33			50
Catedrático/a de universidade	17	113		4	134
Colaborador/a	23	51			74
Contratado/a doutor/a	58	86			144
Contratado/a interino/a				3	3
Contratado/a interino/a de substitución	25	24	17	20	86
Emérito/a	1	1			2
Lector/a de idiomas	8	1			9
Mestres/as de taller ETS Mariña Civil		2			2
Prof. interino/a de E.O. de Nautica	1				1
Profesor asociado/a de CC. da Saúde			1	2	3
Profesor do INEF de Galicia	5	29			34
Profesor/a numerario/a E.O. de Náutica	2	3			5
Titular de escola universitaria	66	126	2	11	205
Titular de universidade	142	237		2	381
Titular interino/a de escola universitaria		1			1
Titular interino/a de universidade		1			1
Outros (persoal investigador)	26	27			53
Total	436	789	74	217	1516

Cadro 104 Profesores/as por categorías (decembro 2009)



Cadro 105 Evolución do persoal docente e investigador. Número de profesores

Centro	PDI Doutor		Total
	Mulleres	Homes	
Escola Politécnica Superior	12	40	52
ETS de Arquitectura	8	30	38
ETS de Enxañeiros de Camiños, Canais e Portos	6	44	50
ETS de Náutica e Máquinas	3	15	18
EU de Arquitectura Técnica	4	2	6
EU de Deseño Industrial		5	5
EU de Enfermaría e Podoloxía	2	9	11
EU de Estudos Empresariais	7	10	17
EU de Fisioterapia	4	12	16
EU de Relacións Laborais - Ferrol	1	1	2
EU Politécnica	12	18	30
Facultade de Ciencias	51	58	109
Facultade de Dereito	21	51	72
Facultade de CC. do Deporte e a Educación Física	6	29	35
Facultade de Ciencias da Comunicación	3	3	6
Facultade de Ciencias da Educación	44	41	85
Facultade de Ciencias da Saúde	1	9	10
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	24	55	79
Facultade de Filoloxía	29	34	63
Facultade de Humanidades	12	16	28
Facultade de Informática	23	83	106
Facultade de Socioloxía	9	19	28
Total	282	584	866

Cadro 106 Profesores doutores por centros (decembro 2009)

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Álgebra	4	4	8
Análise Xeográfica Rexional		1	1
Anatomía e Embrioloxía Humana		5	5
Antropoloxía Social		4	4
Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	3	10	13
Asistencia e investigación sanitaria		1	1
Astronomía e Astrofísica	1		1
Biblioteconomía e Documentación	7	2	9
Bioloxía Celular	4	2	6
Bioquímica e Bioloxía Molecular	6	1	7
Botánica	2	2	4
Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica	3	4	7
Ciencia Política e da Administración	1	1	2
Ciencias da Comput. e Intelixencia Artificial	7	38	45
Ciencias e Técnicas da Navegación	1	5	6
Cirurxía		1	1
Comercialización e Investigación de Mercados	1	6	7
Composición Arquitectónica		4	4
Comunicación Audiovisual e Publicidade	2	2	4
Construcións Arquitectónicas	2	5	7
Construcións Navais	2	13	15
Cristalografía e Mineraloxía		1	1
Dereito Administrativo	3	8	11
Dereito Civil	3	8	11
Dereito Constitucional	2	3	5
Dereito do Traballo e da Seguridade Social		4	4
Dereito Eclesiástico do Estado	2	1	3
Dereito: especialidade en Estudos da UE		2	2
Dereito Financeiro e Tributario	1	3	4
Dereito Internac. Públ. e Relacións Internacionais	3	2	5
Dereito Internacional Privado		2	2
Dereito Mercantil	2	6	8
Dereito Penal	3	3	6
Dereito Procesual	1	3	4

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Dereito Romano		3	3
Didáctica da expresión Corporal	2	1	3
Didáctica da expresión Musical	2	2	4
Didáctica da Lingua e da Literatura	1	1	2
Didáctica da Matemática	3	1	4
Didáctica das Ciencias Experimentais	10	2	12
Didáctica e Organización Escolar	1		1
Ecología		3	3
Economía Aplicada	13	23	36
Economía Financeira e Contabilidade	7	9	16
Edafoloxía e Química Agrícola	1	1	2
Educación Física e Deportiva	6	27	33
Enfermaría	2	3	5
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogram.		1	1
Enxeñaría da Auga		1	1
Enxeñaría da Construción	4	4	8
Enxeñaría de Sistemas e Automática		5	5
Enxeñaría do Terreo		7	7
Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes	1	3	4
Enxeñaría Eléctrica		4	4
Enxeñaría Hidráulica		5	5
Enxeñaría Mecánica	5	14	19
Enxeñaría Química	3	5	8
Enxeñaría Telemática		10	10
Estatística e Investigación Operativa	5	11	16
Estratigrafía	1		1
Expresión Gráfica Arquitectónica		8	8
Expresión Gráfica da Enxeñaría	1		1
Filoloxía Francesa	1	1	2
Filoloxía Galega e Portuguesa	5	8	13
Filoloxía Inglesa	7	9	16
Filoloxía Latina		4	4
Filoloxía Románica	2		2
Filosofía		2	2

Cadro 107 Profesores doutores por área de coñecemento (segue)

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Filosofía do Dereito	1	6	7
Filosofía Moral		1	1
Física Aplicada	6	8	14
Física da Materia Condensada	1		1
Fisioloxía		4	4
Fisioloxía Vexetal	2	2	4
Fisioterapia	2	1	3
Fundamentos da Análise Económica	3	15	18
Historia Antiga		2	2
Historia Contemporánea	1	1	2
Historia da Arte	3	1	4
Historia do Dereito e das Institucións	1	1	2
Historia do Pensamento e Mov.Sociais e Polit.		1	1
Historia e Institucións Económicas	1	4	5
Historia Medieval	1	1	2
Historia Moderna		2	2
Lingua Española	4	4	8
Linguaxes e Sistemas Informáticos	2	5	7
Lingüística Xeral	3	3	6
Literatura Española	6	2	8
Lóxica e Filosofía da Ciencia		1	1
Máquinas e Motores Térmicos	1	8	9
Matemática Aplicada	10	23	33
Mecánica de Fluídos	1	1	2
Mecánica dos Medios Cont. e Teoría de Estrut.	1	14	15
Medicina	2	5	7
Medicina Preventiva e Saúde Pública	1	3	4
Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	2	1	3
Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empr.	1	4	5
Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educ.	7	3	10
Microbioloxía	2	4	6

Área de coñecemento	Núm. de doutores		Total
	Mulleres	Homes	
Organización de Empresas	6	7	13
Otorrinolaringoloxía		2	2
Paleontoloxía	1	3	4
Personalidade, Avaliación e Trat. Psicolóxicos	3	3	6
Proxectos Arquitectónicos	2	2	4
Psicobioloxía	2	2	4
Psicoloxía Básica	1	2	3
Psicoloxía Evolutiva e da Educación	7	10	17
Psicoloxía Social		4	4
Psiquiatría		1	1
Química Analítica	14	5	19
Química Física	5	7	12
Química Inorgánica	3	7	10
Química Orgánica	1	8	9
Radioloxía e Medicina Física	1	5	6
Socioloxía	10	15	25
Tecnoloxía do Medio Ambiente		4	4
Tecnoloxía Electrónica		4	4
Teoría da Literatura	1	2	3
Teoría do Sinal e Comunicacóns	1	2	3
Teoría e Historia da Educación	1	3	4
Traumatoloxía e Ortopedia		1	1
Urbanística e Ordenación do Territorio	1	5	6
Xenética	3	2	5
Xeodinámica Externa	1	1	2
Xeografía Humana		1	1
Xerontoloxía	1	1	2
Xornalismo	1	1	2
Zooloxía	2	8	10
Total	282	584	866

Cadro 107 (continuación) Profesores doutores por área de coñecemento

Concursos convocados no ano 2009	Contratos ou prazas que amortizan ou substitúen												
	Axudante doutor/a	Axudante LOU	Contratado/a interino/a de substitución	Investigador/a Programa Parga Pondal	Prof. titular de universidade interino/a	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a colaborador/a doutor/a	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a contratado/a interino/a	Profesor/a titular de universidade	Outros concursos	Total concursos
Axudante doutor/a		7				1						6	14
Axudante LOU			4									7	11
Catedrático/a de universidade											12		12
Contratado/a interino de substitucion		1	18			3	2					34	58
Prof. titular de universidade interino												2	2
Profesor/a asociado/a tipo 1												13	13
Profesor/a asociado/a tipo 3			3			22	1					34	60
Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución			2				1					1	4
Profesor/a colaborador/a			1							1			2
Profesor/a contratado doutor/a	3	3	4	4		1		2				6	23
Profesor/a titular de universidade					1				8			6	15
Total	3	11	32	4	1	27	4	2	8	1	12	109	214

Cadro 108 Concursos convocados no ano 2009 por categorías

Concursos convocados durante o ano 2009 por áreas de coñecemento	Axudante doutor/a	Axudante LOU	Catedrático/a de universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Prof. titular de universidade interino/a	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a colaborador/a	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de universidade	Total xeral
Mestrados							46					46
Álgebra				1								1
Anatomía e Embrioloxía Humana								1				1
Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	2			2						1		5
Biblioteconomía e Documentación			1									1
Bioloxía Celular				1								1
Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica							1					1
Ciencias da Comput. e Intelixencia Artificial	2	1					1			1	1	6
Ciencias e Técnicas da Navegación				1						2		3
Comercialización e Investigación de Mercados	1											1
Comunicación Audiovisual e Publicidade	3			2						1		6
Construcións Arquitectónicas				1			1		1			3
Construcións Navais	1	1					2		1			5
Dereito Civil							1			1		2
Dereito Financeiro e Tributario			1									1
Dereito Internacional Privado										1		1
Dereito Penal				1								1
Dereito Procesal								2				2
Didáctica da Expresión Plástica				1								1
Didáctica da Lingua e da Literatura				1								1
Didáctica e Organización Escolar										1		1
Economía Aplicada	1		1	3								5
Economía Financeira e Contabilidade				4								4


Cadro 109 Concursos convocados en 2009 por áreas de coñecemento (segue)

Concursos convocados durante o ano 2009 por áreas de coñecemento	Axudante doutor/a	Axudante LOU	Catedrático/a de universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Prof. titular de universidade interino/a	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a colaborador/a	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de universidade	Total xeral
Educación Física e Deportiva				3								3
Enfermaría				1								1
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogram.				1								1
Enxeñaría da Construción											1	1
Enxeñaría do Terreo							2				1	3
Enxeñaría e Infraestrutura dos Transportes							1					1
Enxeñaría Hidráulica										2	1	3
Enxeñaría Mecánica	1									2	2	5
Enxeñaría Química										1		1
Enxeñaría Telemática		1		2								3
Estatística e Investigación Operativa				2							1	3
Expresión Gráfica da Enxeñaría							2					2
Filoloxía Francesa										1		1
Filoloxía Galega e Portuguesa			1									1
Filoloxía Inglesa				1								1
Filosofía do Dereito										0		0
Física Aplicada											1	1
Fisioloxía Vexetal											1	1
Fisioterapia				2		9	1	1				13
Fundamentos da Análise Económica				1							1	2
Historia da Ciencia							1					1
Historia do Dereito e das Institucións							1					1
Historia Moderna											1	1


Cadro 109 (continuación) Concursos convocados en 2009 por áreas de coñecemento (segue)

Concursos convocados durante o ano 2009 por áreas de coñecemento												
	Axudante doutor/a	Axudante LOU	Catedrático/a de universidade	Contratado/a interino/a de substitución	Prof. titular de universidade interino/a	Profesor/a asociado/a tipo 1	Profesor/a asociado/a tipo 3	Profesor/a asociado/a tipo 3 de substitución	Profesor/a colaborador/a	Profesor/a contratado/a doutor/a	Profesor/a titular de universidade	Total xeral
Lingua Española				2								2
Máquinas e Motores Térmicos		1		1								2
Matemática Aplicada			1	1						2		4
Mecánica de Fluídos				1								1
Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa				2								2
Organización de Empresas		3		7	2					1		13
Personalidade, Avaliación e Trat. Psicolóxico				3								3
Proxectos Arquitectónicos		1								1	1	3
Psicobioloxía			1								1	2
Psicoloxía Evolutiva e da Educación	1			1								2
Psicoloxía Social			1							1		2
Química Analítica										1		1
Química Física			1								2	3
Química Inorgánica			2							1		3
Química Orgánica			2							1		3
Radioloxía e Medicina Física				1		4						5
Socioloxía				3								3
Tecnoloxía Electrónica	2			3								5
Teoría e Historia da Educación		1								1		2
Urbanística e Ordenación do Territorio		2		2								4
Total	14	11	12	58	2	13	60	4	2	23	15	214


Cadro 109 (continuación) Concursos convocados en 2009 por áreas de coñecemento



Cadro 110 Evolución do PDI de corpos docentes universitarios 2004-2009



Cadro 111 Evolución do PDI laboral permanente e con compromiso de estabilidade 2004-2009



Cadro 112 Evolución do PDI permanente doutor 2004-2009

